



Guía Docente						
Datos Identificativos				2024/25		
Asignatura (*)	Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica		Código	652G02029		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5		
Idioma	CastelánGalego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación					
Coordinación	Maceiras Lafuente, Andrea	Correo electrónico	andrea.maceiras@udc.es			
Profesorado	Maceiras Lafuente, Andrea	Correo electrónico	andrea.maceiras@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>A materia está orientada a que o alumnado coñeza tanto os textos básicos da literatura infantil e xuvenil, coma as distintas formulacións didácticas que se poden aplicar a estes textos segundo os niveis e fases da educación primaria. O seu obxectivo fundamental será que o alumnado, futuros docentes, posúan os instrumentos suficientes para moverse neste terreo, sexa crítico coas propostas ofrecidas polo mercado e estea en disposición de encontrar os libros axeitados para a animación á lectura non ámbito escolar.</p> <p>Neste contexto a idea é que a LIX e a súa didáctica sexan o recurso educativo principal da área da lingua por: a) a súa capacidade de motivación, b) a relación que se establece nas súas formas e contidos entre o ámbito familiar e o escolar, c) o papel que desempeña na elaboración dunha cultura común (cos seus compañeiros e compañeiras) e propia (a lectura persoal motivada polas súas propias características), d) fomenta o desenvolvemento da competencia comunicativa, esencial na socialización escolar e xeral, e) facilita e amplía a adquisición do código escrito, esencial no proceso educativo, e f) proporciona as bases para descubrir e ampliar o acceso ao feito estético, tanto na literatura coma nas áreas asociadas (expresión corporal, musical e plástica).</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Comprender en qué medida os textos de LIX contribúen á formación do alumnado de Educación Primaria.	A1 A2 A5 A7 A8 A16 A17 A19 A43 A44 A48 A52 A62 A64 A65 A67	B1 B2 B3 B4 B5 B21 B22 B23 B25	C6 C7
Coñecer e utilizar correctamente recursos de animación á lectura.	A8 A16 A17 A19 A44 A48 A50	B12 B15	C3 C8
Coñecer e emplegar axeitadamente a biblioteca escolar como recurso fundamental para desenvolver experiencias innovadoras no ámbito da LIX.	A17 A44 A48 A64 A66	B22	C5 C6
Coñecer os textos básicos da LIX no ámbito estatal e en Galicia, así como os usos educativos que estos textos permiten.	A16 A17 A37 A44 A45 A46 A48 A49 A50 A51	B9 B10 B13	C1 C2
Ser capaz de xestionar as propostas editoriais no ámbito da LIX, ou de elaborar as súas propias propostas alternativas.	A16 A17 A19 A44 A48	B7 B8 B11 B14 B22 B24	C5 C6



Ser capaz de contribuir con eficacia á Educación Literaria do alumnado de Primaria.	A8 A16 A17 A19 A44 A45 A46 A48 A63	B12	C7
Coñecer e aplicar adecuadamente o marco lexislativo vixente no ámbito do ensino-aprendizaxe da literatura na educación primaria.	A5 A8 A10 A16 A37 A44 A45 A48 A52	B15	
Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e o papel que a LIX ten neste.	A44 A47 A63		
Ser capaz de introducir a perspectiva da educación para o desenvolvemento nas propostas de animación á lectura desenvolvidas nas aulas combinando, deste xeito, o carácter lúdico e de goce que a lectura debe proporcionar, xunto cunha actitude crítica e comprometida coa realidade que nos rodea.	A14 A16 A17 A23 A44 A45 A46	B1 B4 B5 B15 B18 B19 B22	C1 C3 C5
	A14 A16 A17 A23 A44 A45 A46	B1 B4 B5 B15 B18 B19 B22	C1 C3 C5

Contidos		
Temas	Subtemas	
1. A literatura infantil e xuvenil (LIX): puntos de vista e evolución.	1.1.Para que serve a literatura? A función formativa da LIX. 1.2. Panorama da LIX. Principais autores e obras clásicos. 1.3. Evolución da LIX de ámbito estatal.	
2. A animación á lectura en educación primaria.	2.1. A Educación Literaria no currículo. 2.2. Da imaxe ao texto. Criterios de selección para a mediación lectora. 2.3. A animación á lectura nas bibliotecas 2.4. As TIC ao servizo da animación á lectura. Propostas didácticas.	
3. Correntes fundamentais da LIX na actualidade.	3.1. Panorama da LIX de ámbito estatal. 3.2. Panorama da LIX galega. 3.3. Principais tendencias: innovación e interdisciplinariedade.	



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A8 A14 A23 A43 A44 A45 A47 A48 A52 A62 A63 A66 A67 B3 B12 B15 B18 B19 B21 B22 C5 C6 C7	10	19.5	29.5
Lecturas	A44 A46 A50 A65 B1 B3 B4	7	16	23
Traballos tutelados	A7 A10 A16 A49 A51 A64 B2 B10 B13 B23 B24 C2 C8	7	21	28
Portafolios do alumno	A1 A5 A8 A17 A19 A37 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A52 A65 B1 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B14 B15 B25 C1 C3	7	21	28
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías		Descripción
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.	
Lecturas	Lectura de fragmentos ou obras seleccionadas de literatura infantil e xuvenil, así como de textos, de recoñecido prestixio científico, especializados en didáctica da literatura infantil e xuvenil, en animación á lectura e en educación literaria en termos xerais.	
Traballos tutelados	Posta en práctica dun trabalho previamente acordado pola profesora a partir de contidos e metodoloxías analizados na aula.	
Portafolios do alumno	Memoria e comentario crítico acerca das lecturas, actividades e tarefas realizadas na aula. Teranse en conta a capacidade para seleccionar fontes bibliográficas de calidade, así como a capacidade para elaborar un discurso sintético, claro e correcto desde o punto de vista expresivo.	

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	A atención personalizada terá lugar durante o horario programado de titorías.
Portafolios do alumno	Durante as sesións interactivas o profesorado contestará a todas as dúbihdas que poidan xurdir durante a realización das tarefas programadas na aula.
Traballos tutelados	Para a realización do portafolios tamén se poderá asistir ao horario de titorías programado. Así mesmo, programarase algúna sesión na aula para resolución de dúbihdas ou explicación dos contidos e formato dos portafolios.
	Estas medidas serán aplicábeis, tanto ao alumnado que asista regularmente ás aulas como para aquel que teña dispensa académica.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A5 A8 A17 A19 A37 A44 A45 A46 A47 A48 A50 A52 A65 B1 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B14 B15 B25 C1 C3	Memoria que dá conta das lecturas e distintas actividades realizadas nas aulas interactivas na que se teñen en conta a capacidade reflexiva e de síntese, o discurso correcto desde o punto de vista lingüístico, ademais da selección de fontes bibliográficas axeitadas e a creatividade, diversidade e innovación das propostas de animación lectora e doutras tarefas.	40
Traballos tutelados	A7 A10 A16 A49 A51 A64 B2 B10 B13 B23 B24 C2 C8	Realización en pequeno grupo dun traballo tutorizado guiado no que se aplican os contidos, metodoloxías e recursos aprendidos na aulas. Constará de parte escrita e presentación oral dos resultados.	60

Observacións avaliación

-Para aprobar a materia será necesario superar todas as partes, en calquera das dúas oportunidades, polo que será necesario obter como mínimo o 50% da puntuación en cada unha delas. Na segunda oportunidade, o alumnado só repetirá as partes suspensas e manterá a nota daquelas que fosen superadas.

-A avaliación do alumnado con dispensa académica será realizada mediante un traballo tutelado. O alumnado con dispensa terá que contactar coa docente ao inicio de curso para concretar o tipo de traballo que deberá entregar para a súa avaliación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria en que se cometía.

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Álvarez Angulo, T. (2010). Competencias básicas en escritura. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Ballester, J. (2015). La formación lectora y literaria. Barcelona: Graó.</p> <p>Blake, Q. (2010). 1001 libros infantiles que hay que leer antes de crecer. Barcelona: Grijalbo.</p> <p>Borda Crespo, I. (2002). Literatura Infantil y Juvenil. Teoría y didáctica. Granada: GEU.</p> <p>Bravo Villasante, C. (1988). Historia y Antología de la Literatura Infantil Universal. Valladolid: Miñón.</p> <p>Brottman, M. (2018). Contra la lectura. Barcelona: Blackie Books.</p> <p>Butiñá, J., Muñoz Cálix, B. e Llorente Javaloyes, A. (2002). Guía de teatro infantil y juvenil. Madrid: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil.</p> <p>Calvino, I. (1992). ¿Por qué leer los clásicos? Barcelona: Tusquets.</p> <p>Centelles, J. (2020). El abrazo de la literatura. Graó.</p> <p>Cerrillo, P., Larrañaga, E. e Yubero, S. (2002). Libros, lectores y mediadores. La formación de los hábitos lectores como proceso de aprendizaje. Cuenca: UCLM.</p> <p>Cerrillo, P. (2007). Literatura infantil y juvenil y educación literaria. CincelColomer, T. (1998). La formación del lector literario. Narrativa infantil y juvenil actual. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.</p> <p>Colomer, T. (2005). Andar entre libros. La lectura literaria en la escuela. México: Fondo de Cultura Económica. 4.ª reimpresión 2014.</p> <p>Colomer, T. (dir.) (2002). Siete llaves para valorar las historias infantiles. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.</p> <p>Colomer, T. (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual. Madrid: Síntesis.</p> <p>Couto Piñeiro, X., Lamapereira López, A. & Vieites García, M. F. (1992). Práctica teatral na escola. Vigo: Ir indo.</p> <p>Colomer, T. (2010). La evolución de la literatura infantil y juvenil en España. Bookbird, 1. Recuperado de https://www.ibby.org/fileadmin/template/main/bookbird_specialissue/BB_Spanish_July_Art2_Castellano_Rev.7-07.pdf</p> <p>Colomer, T., M. Manresa, L. Ramada e L. Reyes (2018). Narrativas literarias en educación infantil y primaria. Síntesis.</p> <p>Durban Roca, G. (2010). La biblioteca escolar, hoy: un recurso estratégico para el centro. Barcelona.</p> <p>Graó. García Padrino, J. (2003). Formas y colores: la ilustración infantil en España. Cuenca: UniversidadCastilla-La Mancha.</p> <p>García Padrino, J. (2018). Historia crítica de la literatura infantil y juvenil en la España actual (1939-2015).</p> <p>Marcial Pons. García Teijeiro, A. (2009). A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula.</p> <p>Galaxia.Garralón, A. (2001). Historia portátil de la literatura infantil. Madrid: Anaya.</p> <p>Gil, C. (2003). ¡A jugar con los poemas! Taller de poesía para niños. CCS.</p> <p>Gutiérrez, R. (2016). Manual de Literatura Infantil y educación literaria. Universidad de Cantabria.</p> <p>Jiménez Fernández, C. (2015). Didáctica de la Literatura en Educación Primaria. Madrid: Unir Editorial.</p> <p>Jover, G. (2007). Un mundo por leer. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Jover, G. (coord.ª) (2009). Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia. Málaga: Junta de Andalucía. Recuperado de https://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/abaco-Lage</p> <p>Fernández, J. J. (2013). Bibliotecas escolares, lectura y educación. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Mendoza Fillola, A. (2004). La educación literaria. Bases para la formación de la competencia lecto-literaria lectora. Málaga: Aljibe.</p> <p>Mendoza Fillola, A. (coord.) (2012). Leer hipertextos: la formación del lector literario. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Mera Herbello, H. (2010). Unha década de literatura infantil e xuvenil en galego. Cangas do Morrazo: Morgante.</p> <p>Mínguez López, X. (2011). Hacia una definición de la literatura infantil y juvenil y sus ámbitos de estudio. En Núñez, M.ª P.; Rienda, J. (eds.). La investigación en didáctica de la lengua y la literatura. Granada: SEDLL.</p> <p>Muriano Rodríguez, M. M. (2018). "O cofre dos libros?: unha proposta de ensino-aprendizaxe de Literatura Infantil e Xuvenil a través de Twitter. En E. de la Torre Fernández (ed.) (2018). Contextos universitarios transformadores: retos e ideas innovadoras. II Xornadas de Innovación Docente. Cufie. Universidade da Coruña, pp. 81-100. DOI capítulo: https://doi.org/10.17979/spudc.9788497496780.081</p> <p>Neira Cruz, X.A. (2004). 105 anos de literatura infantil e xuvenil en galego. Grial, XLII, 107-113.</p> <p>Pena Presas, Montse. (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Edicións Laioveneto.</p> <p>Pennac, D. (2006). Como una novela. Madrid: Anagrama.</p> <p>Revista Galega de Educación (2010). As bibliotecas Escolares (monográfico).</p> <p>48.</p> <p>Rodari, G. (2013). Introducción á arte de contar historias. Gramática da fantasía. Pontevedra: Kalandraka.</p> <p>Roig Rechou, B. A. e Neira Rodríguez, M. (coords.) (2011). O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010). Vigo: Xerais.</p> <p>Roig Rechou, B. A. (2015). Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Vigo: Xerais.</p> <p>Roig Rechou, B. A. (2011). A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para "entendela mellor". Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Recuperado de https://www.cervantesvirtual.com/obrTejerina, I. (1994). Dramatización y teatro infantil. Madrid: Siglo Veintiuno.</p> <p>Xunta de Galicia (2016). A lectura, unha chave de futuro. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recuperado de https://www.cultura.gal/sites/default/files/guia_lectrurachavedefuturo_def.pdf</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	Anatarambana. Literatura infantil. [Blog]. Recuperado de http://anatarambana.blogspot.com.es/Blog_das_Bibliotecas_escolares_deGalicia [Blog]. Recuperado de https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/Biblioteca_Nacional_deEspaña , Gobierno de España, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Literaturainfantil y juvenil. Guía de recursos bibliográficos. Recuperado de https://www.bne.es/permalink/bdcfa61a-3831-11e0-80cd-0018fe323fc3.html Centro Virtual Miguel de Cervantes. Biblioteca de literatura infantil y juvenil. Recuperado de http://www.cervantesvirtual.com/seccion/bibinfantil/Cuadernos_de_literaturainfantil_y_juvenil . Recuperado de https://www.revistaclij.com/Criaturas . Revista dixital de literatura infantil e xuvenil. Recuperado de https://www.criaturas.gal/Donde_viven_los_monstruos . [Blog]. Recuperado de http://romanba1.blogspot.com/Doval_Porto,_I._e_García_García,_Ch._(2017)._Guía_de_estilo_APA,_6ª_edición . Elaborado pola Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de http://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/Normas%20APAgua%20da%20biblioteca%202017.pdf Ellen Duthie. Recuperado de http://www.ellenduthie.com/ García-Fernández, A. e García Teijeiro, A. Versos e aloumiños. Blog-revista. Recuperado de http://garciateijeiro.blogspot.com/International_Board_onBooks_for_Young_People . Recuperado de https://www.ibby.org/Literatil . Reseñas de Literaturalnfantil y Juvenil. [Blog]. Recuperado de https://literatil.com/Pizca_de_Papel . Web especializada en Literatura infantil y juvenil. Recuperado de http://elblogdepizcadepapel.blogspot.com.es/Revista_Babar . Recuperado de https://revistababar.com/web/Xunta_de_Galicia_(2019)_Libros_infantís_e_xuvenís_de_Galicia_2019 . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recuperado de https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documents/aviso/galix_2019_web.pdf
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua galega e a súa didáctica/652G02005

Lingua castelá e a súa didáctica/652G02010

Lingua e literatura galega e a súa didáctica/652G02013

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

En ningún caso se permitirá o plaxio. De ser detectado en calquera traballo, exame ou outro documento entregado á profesora, este será avaliado directamente cun 0 (nunha escala do 0 ao 10). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas ou discriminatorias, e influirase na contorna para modificalas e fomentar o respecto e igualdade. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías